

## **NOTA DE PRENSA**

# **A Área Empresarial do Tambre reforza a vixilancia levando a 24 horas o control e supervisión durante os catro días sinalados da Semana Santa**

## **A entidade traballa no deseño e posta en marcha dunha liña de axudas nos eidos financeiro e social**

---

*Santiago de Compostela, 7 de abril de 2020 (Vía Láctea Comunicación).*- A Asociación Área Empresarial de Tambre reforzará a vixilancia da zona industrial durante os catro días centrais da Semana Santa, mantendo o control e supervisión das instalacións as 24 horas do xoves, venres, sábado e domingo. A entidade, que preside José F. Alborés, ten entre as súas prioridades permanentes a seguridade do complexo, pero considera “necesario” un reforzo nesta situación excepcional en que o 95% das empresas están pechadas: “Os empresarios estamos xa moi preocupados cos tempos que se aveciñan, así que dada a sucesión de catro festivos na práctica e logo das últimas incidencias acontecidas na zona, temos que velar pola seguridade todo o que poidamos”. Só permanecen abertas cinco gasolineras, cinco cadeas de alimentación e unha decena de compañías de transporte, “quizá algún máis, pero nada significativo”, segundo conclúe.

A asociación empresarial tamén está a traballar en diversos ámbitos cara a ofrecer aos seus asociados diversas liñas de axudas, dende o económico-financeiro ata o carácter social e humanitario, así como asesoramento práctico para aqueles que se vexan obrigados a reestruturar cadro de persoal ou mesmo a tramitar a solicitude de axudas ou empréstitos. De feito, Quality Asesores, firma coa que a asociación ten un convenio en vigor, xa se puxo a disposición dos asociados para ofrecerlles unha primeira consulta profesional gratuíta.

Alborés indica que, na súa opinión, a economía tardará en recuperarse: “Unha vez que superemos o estado de alarma, todo pasa polo restablecemento da confianza por parte dos consumidores, algo que está por ver e que terá relación coas alertas sanitarias e avances terapéuticos”. De aí que a asociación queira “comprometerse” con liñas de actuación “útiles e eficientes”, conclúe Alborés.

**SAÚDOS**  
**PRENSA Área Empresarial do Tambre**  
**609 172 304**  
[www.poligonotambre.com/es](http://www.poligonotambre.com/es)